



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E O INSTITUTO GALEGO DE XESTIÓN PARA O TERCEIRO SECTOR PARA A PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN SOCIOLABORAL E O APOIO NO TRÁNSITO DAS PERSOAS MOZAS EN SITUACIÓN DE VULNERABILIDADE A UNHA VIDA ADULTA INDEPENDENTE E AUTÓNOMA EN ZONAS NON URBANAS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2024

REUNIDOS

Dunha banda, dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, o Decreto 42/2024, de 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, ao amparo da disposición transitoria do Decreto 44/2024, do 14 de abril, e o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado no *Diario Oficial de Galicia* por Resolución de 8 de abril de 1991.

E doutra, Carlos Rosón Varela, con NIF. -----, director do Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector con NIF G-15784978 e domicilio na Rúa da Muiña, 24 – Santiago de Compostela, actuando en nome e representación da entidade, en virtude da escritura de apoderamento outorgada ante o Notario Don José Ignacio Feijoo Juarros do Ilustre Colexio de Galicia, con residencia en Santiago de Compostela, de data 23 de xuño de 2021, número de protocolo 387.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e máis o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Segundo.- A Constitución española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando, igualmente que os/as menores deberán gozar da protección



prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

Terceiro.- A Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro, e en virtude de dita competencia aprobáronse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Cuarto.- A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 14.1.b) do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/a menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 13/2008, do 3 de decembro e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, o Decreto 42/2000 do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, na Lei orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia, Lei 26/2015, de 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia.

Lei 3/2011, do 30 de xuño prevé expresamente, no seu artigo 37, que as disposicións en materia de infancia e adolescencia contempladas no seu título II seranlles igualmente aplicables ás persoas maiores de idade cando fosen obxecto dalgunha das medidas administrativas ou xudiciais previstas neste título antes de acadar a maioría de idade.

Deste xeito, a Administración non só debe asumir a protección e o coidado dos nenos, nenas e adolescentes que se atopan en situación de risco ou desamparo, senón que debe manter o apoio cando estas persoas acadan a maioría de idade para previr que desemboquen en situacións de risco e exclusión social.

As persoas que se atopan baixo unha medida de protección administrativa, tutela ou garda, cando acadan a maioría de idade presentan unha serie de características que os sitúan nunha situación de precariedade no seu acceso ao mundo laboral e á integración social.

Por outra parte, de cara á inserción socio-laboral, a poboación de mozos e mozas que parten dunha situación de desprotección familiar caracterízase en xeral por:

- Baixa formación e capacitación profesional.
- Escasos apoios familiares e sociais que faciliten o acceso ao mercado laboral.
- Falta de referentes no seu contexto familiar e social de traballo como un valor social.
- Baixas habilidades sociais e comunicativas, que dificultan a súa integración.
- Dependencia do sistema, falta de autonomía



- Estigmas e prexuízos derivados da propia situación de tutela; que pode dificultar o proceso de incorporación laboral.

A isto hai que engadir que nas zonas de interior existe un grave problema de envellecemento e falta de servizos. As persoas mozas do sistema de protección que se atopan actualmente residindo nestas zonas sofren os problemas propios do eido rural, como a baixa empregabilidade, empresas con baixa capacidade de contratación, alta dispersión xeográfica, estruturas deterioradas, ao que se suma aos problemas propios da mocidade en risco, como altos niveis de fracaso escolar, carga emocional moi elevada con unha mala xestión das respostas ante as dificultades, baixa autoestima e ausencia dun plan de vida e da capacidade para levalo a cabo, o que supón un incremento das dificultades para facer fronte aos retos que conleva a transición á vida adulta.

Quinto.- O Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector é unha entidade sen ánimo de lucro, no senso establecido no artigo 35 do Código Civil, que se rexe polos seus estatutos e pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e demais normativa aplicable. Está inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Consellería de Política Social e Igualdade co número E-4587 e no Rexistro Xeral de Asociacións da Xunta de Galicia co número 2001/000621-1(sc).

Ten como finalidade, entre outras das descritas nos seus estatutos, o deseño, supervisión e execución directa de programas dirixidos á atención de colectivos en risco de exclusión social ou desamparo, especialmente no eido da infancia e a xuventude e das persoas maiores, e das problemáticas relacionadas con eses colectivos; prevención e consumo de sustancias aditivas, saúde mental, formación e orientación laboral, lecer, acceso á vivenda ou recurso para a vida independente.

Esta entidade leva máis de dúas décadas desenvolvendo programas de inserción sociolaboral de mozos e mozas en risco social, dirixido a persoas de entre 16 e 21 anos (excepcionalmente, ata os 25) que estean ou estiveran baixo tutela ou garda da Administración Pública, suxeitos a medidas xudiciais ou sexan usuarios doutros programas dependentes do órgano xestor e destinados á protección das persoas menores de idade.

Tendo en conta o que antecede, a Consellería de Política Social e Igualdade considera idóneo o impulso ao Instituto Galego de Xestión das actuacións que desenvolve para favorecer o tránsito das persoas mozas en situación de vulnerabilidade a unha vida adulta independente e autónoma nas contornas demográficamente desfavorecidas para o período de xaneiro a abril de 2024.

Co obxectivo de facilitar o tránsito á vida adulta das persoas mozas que estean ou estiveran baixo tutela ou garda da Administración Pública, suxeitos a medidas xudiciais ou sexan usuarios doutros programas dependentes do órgano xestor e destinados á protección das persoas menores de idade, procedan ou se trasladen a contornos rurais establécense as seguintes áreas xeográficas de actuación, no marco do seu proxecto de tránsito á vida adulta, autonomía e emancipación para persoas mozas en situación de vulnerabilidade, nas que se tivo en conta, tanto os seus datos demográficos, como pola súa capacidade de dar cobertura as necesidades das persoas mozas atendidas, na procura de frear a perda poboacional da dita area a través da empregabilidade dos/as mesmos/as na súa contorna:

a) Área occidental, que comprende os seguintes concellos:

Vilalba, Guitiriz, Begonte, Cospeito, Outeiro de Rei, Castro de Rei, Friol, Palas de Rei, Guntín,



Antas de Ulla, Monterroso, Portomarín, Taboada, Chantada, O Saviñao, Carballedo, Beariz, O Irixo, Piñor, San Cristovo de Cea, Vilamarín, A Peroxa, Nogueira de Ramuín, Boborás, O Carballiño, Maside, Amoeiro, Esgos, Xunqueira de Espadanedo, Avión, Leiro, San Amaro, Punxín, Cenlle, Melón, Carballeda de Avía, Beade, Ribadavia, Arnoia, Cortegada, Castrelo de Miño, Toén, Taboadela, Paderne de Allaríz, Baños de Molgas, Maceda, Allariz, Xunqueira de Ambía, Coles, Pereiro de Aguiar e San Cibrao das Viñas.

b) Área central, que comprende os seguintes concellos:

Castroverde, O Corgo, Baralla, O Páramo, Láncara, Paradela, Sarria, Samos, Triacastela, Bóveda, O Incio, Pantón; Monforte de Lemos, A Pobra de Brollón, Sober, Ribas de Sil, Parada de Sil, A Teixeira, Castro Caldelas e San Xoan de Río.

c) Área oriental, que comprende os seguintes concellos:

Quiroga, Vilamartín de Valdeorras, O Barco de Valdeorras, Rubiá, Pobra de Trives, Larouco, A Rúa, Petín e Carballeda de Valdeorras.

Nestas áreas levaranse a cabo os seguintes obxectivos.

a) Inserción laboral de rapaces/as tutelados/as, ex-tutelados/as e con medidas xudiciais.

b) Redución do descenso poboacional das zonas de atención, procurando que os/as rapaces/as atendidos fagan proxectos de vida nas áreas de traballo delimitadas.

Sexto.- O Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector conta, na actualidade, cos recursos humanos e a estrutura necesaria para o desenvolvemento das actuacións subvencionables ademais dunha acreditada experiencia na súa realización, contrastada cos bos resultados acadados ao longo destes anos de colaboración. Tendo en conta as consideracións precedentes, pódese afirmar que non se atopa na nosa Comunidade Autónoma outra entidade que poida igualar estes aspectos e polo tanto considéraselle idónea pola a súa experiencia no ámbito da atención a persoas mozas a través do desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia de actuacións que favorecen a inserción laboral das persoas mozas ao sistema de protección, así como o seu tránsito á vida adulta, autónoma e independente.

Sétimo.- A Consellería de Política Social e Igualdade considera prioritario potenciar este tipo de actuacións e está interesada en fomentar actividades directamente ligadas coa consecución do benestar das persoas mozas menores en situación de risco ou desamparo, a través da súa formación e cualificación profesional e cara á súa autonomía persoal mediante a promoción da súa integración socio laboral das persoas mozas destinatarias, a través da información, formación, orientación, asesoramento e acompañamento individualizado ao longo do proceso e da mellora das súas habilidades persoais e sociais, da participación nos recursos sociais normalizados e na vida cultural e social do entorno, fomentando os vencellos co seu ámbito físico e xeográfico.

A Consellería de Política Social e Igualdade considera de especial importancia favorecer as actuacións do Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector no eido descrito neste expoñendo a través da concesión directa dunha subvención pública.

Oitavo.- O artigo 96.2 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia recolle a posibilidade de colaboración con entidades privadas sen ánimo de lucro para a atención a menores.



Noveno.- De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a actuación financiada ten por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario.

Décimo.- A concesión da subvención directa a través deste convenio financiarase con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia da Unión Europea, establecido polo Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, está regulado segundo o Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), Decisión do Consello de Europa, do 16 de xuño de 2021, polo que se aproba o o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España (PRTR), o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR, a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR e o Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do 18 de xullo de 2018, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifican os Regulamentos (UE) nº.1296/2013, (UE) nº. 1301/2013, (UE) nº. 1303/2013, (UE) nº. 1304/2013, (UE) nº. 1309/2013, (UE) nº. 1316/2013, (UE) nº. 223/2014 e (UE) nº. 283/2014 e a Decisión nº. 541/2014/UE e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) nº. 966/2012 (Regulamento Financeiro).

Décimo primeiro.- A concesión directa da subvención a través do convenio está amparada no proxecto número 7 (Modernización, dixitalización e mellora dos servizos de protección, atención e acollemento da infancia) incluído no anexo I do Convenio de colaboración entre o Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia, asinado o 27 de agosto de 2021 e publicado no Boletín Oficial del Estado nº 230 do 25/09/2021, por Resolución do 11 de setembro de 2021 da Secretaría de Estado de Derechos Sociales, para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (MRR). Esta actuación encaixa na liña de investimento I2 (Plan de Modernización dos Servizos Sociais: Transformación tecnolóxica, innovación, formación e reforzo da atención á infancia) do Compoñente 22 "Plan de choque para a economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión" do dito Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

No citado proxecto nº 7 inclúense actuacións para favorecer a transición á vida autónoma de mozos que forman parte do sistema de protección, prevendo accións que favorecen a transición á vida autónoma e inserción sociolaboral de persoas que saen do sistema de protección, co obxectivo de dotalos de ferramentas persoais suficientes para afrontar a emancipación con éxito e que se desenvolverá en zonas non urbanas e/ou pouco poboadas. O fito da Proposta de decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España, de 16 de xuño de 2021, Comisión Europea COM(2021) 322, ao que contribúe é o Fito 325 (Execución de proxectos para a transformación tecnolóxica dos servizos sociais e para a modernización das infraestruturas e os servizos asociados á protección residencial e as familias de acollida), cuxo prazo de cumprimento previsto é o 4º trimestre de 2023.



Non obstante o anterior, ditouse o 9 de outubro de 2023 un anexo á antedita Proposta polo que se modifica a Decisión de Execución do Consello (UE) (ST 10150/2021; ST 10150/2021 ADD 1 REV 1), de 13 de xullo de 2021, relativa á aprobación da avaliación do plan de recuperación e resiliencia de España, en virtude do cal se estende o Fito 325 ata o 4º trimestre do 2025.

Esta modificación permite a posibilidade de estender no tempo máis do inicialmente previsto o emprego dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia para actuacións como as que son obxecto deste convenio, neste caso durante os primeiros catro meses do ano 2024.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

1. O obxecto do presente convenio é contribuir a través da concesión directa dunha subvención ao financiamento durante os meses de xaneiro a abril de 2024 por parte da Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia, das actuacións que o Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector desenvolve para favorecer, a través do seu acompañamento socioeducativo e da súa formación e inserción laboral, o tránsito das persoas mozas en situación de vulnerabilidade a unha vida adulta independente e autónoma nas contornas demográficamente desfavorecidas sinaladas no expoñendo sétimo.

2. A actividade do Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector, que conta ademais co financiamento da Consellería de Política Social e Igualdade, a través dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia procedente de fondos europeos, segundo convenio asinado ao efecto con data do 27/08/2021 entre a entón Consellería de Política Social e o Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030, exclúe o ánimo de lucro e non pode satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

SEGUNDA.- PERSOAS BENEFICIARIAS DAS ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES

Son persoas beneficiarias das actividades subvencionables as persoas mozas en situación de desamparo ou risco social, entre os 16 e os 21 anos, excepcionalmente, ata os 25, tutelados, ex-tutelados e/ou con medidas xudiciais, residentes, ou que vaian residir, nas áreas xeográficas sinaladas no expoñendo sétimo.

TERCEIRA.- OBXECTIVOS E CONTIDO DAS ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Este convenio ten dous obxectivos xerais:



a) Acadar a inserción laboral das persoas mozas tuteladas, ex-tuteladas e/ou con medidas xudiciais vencellados ás áreas xeográficas definidas neste convenio. Como obxectivos específicos establécense:

1º. Dotar de competencias para a busca activa de emprego ás persoas mozas atendidas.

2º. Mellorar a formación e capacitación daqueles xoves.

3º. Xerar novos nichos de emprego a través de prospección empresarial na zona.

4º. Creación de accións formativas "ad hoc" para empresas de especial interese estratéxico para as actuacións subvencionables.

5º. Procura de alternativas de traballo deslocalizado.

6º. Creación de itinerarios individualizados para dotar ás persoas mozas atendidas de habilidades para a vida independente.

7º. Prospección empresarial.

b) Reducir o descenso poboacional nas zonas de atención buscando que as persoas mozas atendidas fagan proxectos de vida nas áreas de traballos delimitadas. Como obxectivos específicos establécense:

1º. Xerar alternativas de emprego nas áreas determinadas.

2º. Crear alternativas de vida independente, alternativa de vivenda, capacidade de desprazamento nas zonas de influencia.

3º. Mellorar a conectividade e a capacidade de interconexión das persoas mozas atendidas residentes na zona.

CUARTA.- COMPROMISOS DO INSTITUTO GALEGO DE XESTIÓN PARA O TERCEIRO SECTOR (IGAXES)

En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento, son obrigas da entidade beneficiaria:

a) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario estipulados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

b) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos; adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.

c) Xustificar ante o órgano que concede a subvención, o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.



d) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano que concede a subvención, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

e) Comunicarlle ao órgano que concede a subvención a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. De conformidade co artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, polo que se establece o MRR é preceptiva a conservación da dita documentación durante un período de 5 anos, desde o pagamento do saldo, ou a falta deste pagamento, da operación.

h) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio e nos lugares onde estas se realicen: Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Igualdade, co seu respectivo logotipo.

Segundo a cláusula novena da Resolución de 11 de setembro de 2021, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, pola que se publica o Convenio coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia, os asinantes comprométese a destacar, en cantas actividades realicen para a difusión das accións previstas no presente Convenio, o financiamento efectuado pola Administración Xeral do Estado, así como facelo constar en cuantos materiais se reproduzan e utilicen para a difusión ou publicidade do convenio financiado, de acordo co establecido no «Manual de imaxe Institucional da Administración Xeral do Estado».

Adicionalmente, os asinantes farán mención da orixe deste financiamento e velarase por darlle visibilidade, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuado que indique financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público. Esta publicidade realizarase de conformidade co establecido no artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241 e conforme ao establecido no Manual de Marca do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia confeccionado pola Secretaría de Estado de Comunicación.



i) Asemade o Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES) deberá cumprir a obriga de subministrar á Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica, toda a información necesaria para o cumprimento polas entidades das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de conformidade co disposto no artigo 4 da dita lei.

j) Subministrar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

k) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

l) Elaborar e publicar unha memoria resumo das actividades realizadas, dentro do mes seguinte á finalización da execución das actuacións, que debe incluír os seguintes apartados:

1º. Actividades realizadas.

2º. Recursos económicos, materiais e de persoal empregados.

3º. Valoración global.

4º. Accións de innovación e investigación.

m) Presentar a declaración de ausencia de conflito de intereses (DACI), nos termos indicados no Anexo IV conforme ao previsto na Orde HFP/55/2023, de 29 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

n) Etiquetado verde e dixital: En aplicación dos artigos 2.2.b) e 4 da Orde HFP/1030/2021, deberán preverse medidas para cumprir o compromiso de etiquetado verde e dixital previsto (para cada compoñente) no PRTR, con base no Regulamento (UE) 2021/241. As reformas e investimentos propostos no compoñente 22 contribúen nun 100% ao obxectivo de integración do clima e nun 40%, ao obxectivo medioambiental, segundo define o ámbito de intervención 026 "Renovación da eficiencia enerxética das infraestruturas públicas, proxectos de demostración e medidas de apoio". Así mesmo, a liña de compoñente 22 investimento 2 inclúe a transformación tecnolóxica dos servizos sociais e as entidades do terceiro sector de acción social e a dixitalización das infraestruturas de protección residencial de nenos, nenas e adolescentes, en especial con necesidades especiais ou migrantes non acompañadas. A esta liña aplícase o campo de intervención 11, "Solucións de TIC para a Administración, servizos electrónicos, aplicacións", cun coeficiente de 100% en canto á transición dixital.

ñ) A execución do MRR exige o compromiso no cumprimento do principio horizontal de "non causar prexuízo significativo" que define o artigo 2.6) do Regulamento (UE) 2021/241, respecto dos 6 obxectivos medioambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021 e definidos no Regulamento (UE) 2020/852 (Regulamento de taxonomía da UE).

Os equipos utilizados cumprirán cos requisitos de eficiencia de materiais establecidos de



acordo coa Directiva 2009/125 / EC para servidores e almacenamento de datos, ou computadores e servidores de computadores ou pantallas electrónicas. Os equipamentos non conterán as substancias restrinxidas enumeradas no anexo II da Directiva 2011/65 / UE, excepto cando os valores de concentración en peso en materiais homoxéneos non superen os enumerados en dito anexo. Ao final da súa vida útil, o equipo someterase a unha preparación para operacións de reutilización, recuperación ou reciclaxe, ou un tratamento adecuado, incluída a eliminación de todos os fluídos e un tratamento selectivo de acordo con o Anexo VII da Directiva 2012/19 / UE.

o) Desenvolver as actuacións subvencionadas por este convenio tendo en conta a lexislación vixente en materia de protección de menores e a primacía do superior interese da persoa moza sobre calquera outro.

QUINTA.- REQUISITOS EN RELACIÓN COA IDENTIFICACIÓN DO PERCEPTOR FINAL DE FONDOS. (Art. 8 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia)

En cumprimento do mandato establecido no artigo 22.2.d) do Regulamento (UE) 2021/241 e consonte ao artigo 8 da Orde HFP/1030/2021, o Servizo de Protección de Menores da Consellería de Política Social e Igualdade recadará da entidade conveniente, a seguinte información:

- a) NIF do beneficiario.
- b) Nome da persoa física ou razón social da persoa xurídica.
- c) Domicilio fiscal da persoa física ou xurídica.
- d) Aceptación da cesión de datos entre as Administracións Públicas implicadas para dar cumprimento ao previsto na normativa europea que é de aplicación e de conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (Anexo II).
- e) Declaración responsable relativa ao compromiso de cumprimento dos principios transversais establecidos no PRTR e que poidesen afectar o ámbito obxecto de xestión (Anexo III).
- f) A entidade beneficiaria da subvención, acreditará a inscrición no Censo de empresarios, profesionais e retenedores da Axencia Estatal de Administración Tributaria ou no censo equivalente da Administración Tributaria Foral, que debe reflectir a actividade económica efectivamente desenvolta á data de solicitude da axuda.

SEXTA.- PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

1. Para o desenvolvemento das actuacións subvencionables, o Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (Igaxes) disporá como mínimo dos seguintes traballadores:

- a) Un coordinador.
- b) Sete técnicos de integración laboral



c) Un auxiliar administrativo

2. O equipo que o Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector poña a disposición destas actividades subvencionables en ningún caso poderá actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social e Igualdade, debendo ser esta entidade a que imparta as oportunas ordes aos seus equipos de traballo e ostente respecto destes o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos; obrigas, riscos e responsabilidades inherentes a súa condición de empregador.

3. A formalización do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que o desenvolvan e a Consellería de Política Social e Igualdade, polo que non se lle poderá esixir a esta ningunha responsabilidade por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

SÉTIMA.- CONDICIÓN ECONÓMICAS

1. Para o desenvolvemento das actuacións obxecto da subvención a través deste convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade achegará unha contía de cento sesenta e cinco mil catrocentos setenta euros con corenta céntimos **(165.470,40 €)** con cargo a fondos procedentes do MRR, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, segundo o Convenio asinado ao efecto con data do 27/08/2021 entre a Consellería de Política Social e o Ministerio de Derechos Sociais y Agenda 2030 e con cargo á aplicación orzamentaria 11.02.312B.481.03 código de proxecto 2021 177 na que existe crédito axeitado e suficiente para este fin.

A subvención límtase ao financiamento dos gastos que aparecen desagregados no Anexo I e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente.

Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada pola Xunta de Galicia non varíe.

2. O pagamento da subvención realizarase, en aplicación dos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, do seguinte xeito:

a) Tras a sinatura do presente convenio poderán realizarse pagamentos parciais a conta, ata un máximo de 132.376,32 € (80% da cantidade subvencionada), do seguinte xeito:

1º. A cantidade de 29.147,04 € (80% dos 18.000,00 primeiros euros máis o 10% dos 147.470,40 € restantes), será satisfeita no intre no que se asine o convenio á Fundación co obxecto de que se poidan cubrir custos por gastos inmediatos do funcionamento do Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector para o desenvolvemento das actividades subvencionables. O emprego desta cantidade xustificarase mediante as correspondentes facturas antes do derradeiro pagamento.

A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse duna entidade das características determinadas no artigo 65.4 f) do dito Decreto.

2º. Ata 103.229,28 € pagaranse a medida que se xustifiquen as actividades descritas a subvencionar a través deste convenio.



b) A cantidade de 33.094,08 € restantes (20% da cantidade subvencionada), pagaranse unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

3. A actividade e os gastos que poidan ser subvencionables, deben xustificarse de conformidade ao previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A tal efecto debe presentarse:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos e que debe incluír os seguintes apartados:

1º. Xustificación do gasto.

2º. Actividades realizadas.

3º. Recursos económicos, materiais e de persoal empregados.

4º. Valoración global.

5º. Accións de innovación e investigación.

b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1º. Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, coa identificación da persoa acreedora e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago. No caso de que a subvención se outorgue consonte a un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.

2º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior a documentación acreditativa do pago.

3º. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no ordinal 1º, agás naqueles casos nos que as bases reguladoras da subvención teñan previsto a súa compensación mediante un tanto alzado sen necesidade de xustificación.

4º. Os tres orzamentos que, en aplicación do art. 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deba solicitar cada unha das entidades beneficiarias cando o importe do gasto de 15.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou gastos anteriores á sinatura do convenio que se teñan realizados dentro do período que abrangue este.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

c) En canto aos custos salariais, o Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector deberá



presentar, referida á mensuralidade ou mensuralidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

- 1º. Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación das actuacións subvencionadas.
- 2º. Recibos de salarios.
- 3º. Documentos 'Relación Nominal de Traballadores' e o documento 'Relación de liquidación de cotizacións' correspondentes aos meses imputados.
- 4º. Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190).

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realización do seu pago.

A cantidade a imputar á actividade subvencionada será do 100% do gasto do persoal, cando este dedica ao total da xornada a desempeñar tarefas das actuacións subvencionadas; no caso de dedicación inferior á xornada contratada, o gasto imputado será proporcional a súa dedicación ás actuacións subvencionadas. A tal efecto se non se atopase diferenciado na nómina e nesta se inclúen outros conceptos retributivos, axuntarase un cálculo xustificativo da imputación efectuada segundo o criterio de horas da actuación realizada en relación co total de horas traballadas.

A subvención cubre os gastos salariais e de Seguridade Social, polo que as liquidacións, complementos extrasalariais ou indemnización de fin de contrato non se poden imputar.

Tampouco serán subvencionables, as vacacións pagadas, pero non desfrutadas, nin as horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.

Nas baixas por IT e maternidade:

- No caso de substitución do traballador titular subvencionaranse os custos que ocasiona o traballador que substitúe ao traballador titular.
- No caso de que non se substitúa o traballador titular, o importe non usado deberá reintegrarse na súa totalidade (excepto a liquidación das pagas extras cando o convenio colectivo de aplicación recolla para este suposto a obrigatoriedade do seu pagamento).

d) En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, a Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral con competencias en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poderá consultar a través dos medios electrónicos dispoñibles os datos incluídos nos documentos que a continuación se indican elaborados polas administracións públicas agás oposición expresa do Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector, en cuxo caso deberá aportar a documentación acreditativa do cumprimento da dita obriga para o outorgamento da subvención:

- 1º. NIF da entidade.
- 2º. DNI ou NIE da persoa representante.
- 3º. Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa *Agencia Estatal de la*



Administración Tributaria.

4º. Certificado sobre o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.

5º. Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso da imposibilidade da obtención dos citados datos poderase solicitar á Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector a presentación dos documentos correspondentes.

4. A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 30 de abril de 2024, e deberá presentarse na Dirección Xeral con competencias en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica con data límite o 22 de abril de 2024.

O Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector, comprométese á presentación dos xustificantes de pago, relativos a custes salariais de 2024, que sexa imposible presentar en cada momento das fases de pagamento, no momento da xustificación final, así como os documentos xustificativos do gasto da seguridade social para o mes de abril, con data límite de presentación do 15 de maio de 2024, e o impreso de liquidación nominal do IRPF do segundo trimestre de 2024, no momento no que se realice a correspondente liquidación.

O Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector, no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para estas mesmas actuacións, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

OITAVA.- FRAUDE, CORRUPCIÓN E CONFLITO DE INTERESES

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade, en relación con actuacións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco deste convenio, poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral do Estado, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo, a través da canle habilitada na web:

-<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo.

Así mesmo, a Consellería de Política Social e Igualdade pon a disposición da cidadanía unha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude, que terá a súa sede no Sistema Integrado de Atención a Cidadanía (SIACI).

A ligazón á canle de denuncias é a seguinte:

-<https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>

Así mesmo, serán de aplicación ás actuacións subvencionadas a través deste convenio as medidas contempladas no Plan Específico de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da entón Consellería de Política Social, que foi asinado o 12 de xaneiro de 2022.



[-https://transparencia.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=1792070&name=DLFE-47388.pdf](https://transparencia.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=1792070&name=DLFE-47388.pdf)

Segundo o art. 6 da Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, configúranse como actuacións obrigatorias para os órganos xestores, a avaliación de risco de fraude, o enchemento da Declaración de Ausencia de Conflito de Intereses (DACI) e a dispoñibilidade dun procedemento para abordar conflitos de intereses.

Os procedementos de adxudicación de contratos e de concesión de subvencións, que a entidade beneficiaria da subvención poida levar a cabo en virtude deste convenio, estarán sometidos á análise sistemática do risco de conflito de interese que regulan a DA 112ª da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. A normativa reguladora da subvención vencellada ao PRTR deberá recoller unha cláusula do seguinte teor:

ANÁLISE SISTEMÁTICA DO RISCO DE CONFLITO DE INTERESE NOS PROCEDEMENTOS DE SUBVENCIÓN QUE EXECUTAN O PRTR

O presente procedemento de subvención está suxeito a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese prevista na disposición adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, de 23 de decembro, e na Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

De acordo co establecido no artigo 7 da Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, o órgano de concesión da subvención poderá solicitar aos solicitantes da axuda a información da súa titularidade real cando a AEAT non dispoña desa información e así o indicase mediante a correspondente bandeira negra, tendo en conta a análise realizada a través de MINERVA. Este suposto non implicará a suspensión automática do procedemento en curso, pero a dita información deberá aportarse ao órgano de concesión da subvención no prazo de 5 días hábiles desde que se formule a solicitude de información. A falta desta información no prazo sinalado será motivo de exclusión do procedemento.

Os datos, unha vez recibidos, serán adecuadamente custodiados de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (Regulamento xeral de protección de datos), e coa Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A través do MINERVA, o responsable de operación levará a cabo un novo control ex ante do risco de conflito de interese, indicando, en lugar do solicitante da axuda, os titulares reais recuperados polo órgano de concesión da subvención".

NOVENA.- COMPATIBILIDADE

Coa finalidade de evitar o dobre financiamento, estas axudas son incompatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais para o desenvolvemento das mesmas actuacións obxecto do programa a subvencionar a través deste convenio.

Queda prohibida a dobre financiación (artigo 188 do Regulamento Financeiro). As reformas e os proxectos de investimentos financiados co MRR poderán recibir axuda doutros programas e



instrumentos da UE sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo (artigo 9 do Regulamento MRR).

DÉCIMA.- XUSTIFICACIÓN E CONTROL

1. O Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector deberá cumprir os compromisos esixidos na cláusula cuarta deste convenio e someterse ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica poida requirirlle para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins das actuacións a subvencionar a través deste convenio, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

DÉCIMO PRIMEIRA.- INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

1. As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

2. Os datos persoais e os consentimentos das persoas interesadas recadados no procedemento de concesión da subvención serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da concesión da subvención a través deste convenio.

3. O tratamento dos datos no procedemento de concesión da subvención baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida nas cláusulas do convenio e na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

4. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a execución do dito convenio ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, a publicidade dos datos identificativos das persoas interesadas, tendo en conta o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, estará suxeita ao cumprimento da normativa de transparencia, de subvencións coas limitacións que ao efecto procedan, a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.



5. As persoas interesadas poderán solicitar ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. Contacto co delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

6. O Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector será responsable do tratamento dos datos e dos consentimentos das persoas interesadas de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, tratará os datos coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. Os datos persoais aos que teña acceso non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

7. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016.

8. A entidade esixiralle, tanto ao persoal propio como a aquel persoal voluntario que participe nas actuacións subvencionables, un compromiso de confidencialidade sobre aqueles datos aos que teñan acceso pola súa participación nestas actuacións.

DÉCIMO SEGUNDA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

1. Para o seguimento da execución do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poda xurdir, prevese a creación dunha comisión mixta que estará formada polos seguintes membros:

- Dous representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e, no seu caso, os respectivos suplentes, designados pola conselleira.
- Dous representantes do Instituto Galego de Xestión para o Terceiro Sector (IGAXES) e, no seu caso, os respectivos suplentes, designados pola entidade.

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, unha persoa funcionaria da Dirección Xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica, ou o respectivo suplente.

2. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio. Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola conselleira de Política Social e Igualdade.

3. Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 do outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



DÉCIMO TERCEIRA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor desde a data da súa sinatura ata o 30 de abril de 2024.

Non obstante abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2024.

Poderá prorrogarse por acordo expreso das partes por un período que non poderá ser superior a un mes, todo isto condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no exercicio corrente.

DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA E CUESTIÓN LITIXIOSAS

1. O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

2. Con respecto á financiación con fondos europeos rexerase polo Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello de 14 de decembro de 2020 polo que se establece un instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o MRR, o Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España aprobado na data 16/06/2021 pola Decisión de Execución do Consello, a Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, a Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, así como o Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión (Regulamento Financeiro).

3. As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá



interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- a) Incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.
- d) As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fose o caso, o reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade, poderá exixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO SEXTA.- COMUNICACIÓN, DIVULGACIÓN E PUBLICIDADE

- 1. O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.
- 2. Asi mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.
- 3. As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións

(BDNS).

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asinan dixitalmente este convenio de colaboración, en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital.

POLO INSTITUTO GALEGO DE XESTIÓN
PARA O TERCEIRO SECTOR (IGAXES),

O director

Carlos Rosón Varela

POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E
IGUALDADE,

A conselleira

Fabiola García Martínez



ANEXO I

1.1 CADRO XERAL

ORZAMENTO DESAGREGADO POR ACTIVIDADES E TIPOLOXÍA DE GASTO	
Tipoloxía de gastos subvencionables	CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE
	Xaneiro – abril 2024
PERSOAL CONTRATADO	90.000,00 €
GASTOS CORRENTES	40.000,00 €
AXUDAS AO EMPREGO E AUTONOMÍA	17.970,40 €
FORMACIÓN	15.000,00 €
DOTACIÓN DE PUNTOS DE ATENCIÓN E EQUIPOS INFORMÁTICOS	2.500,00 €
TOTAL.....	165.470,40 €

1.2 DETALLE CADRO DE PERSOAL

Categoría profesional	Salario anual (con pagas)	Complementos	Seguridade social	Outros	TOTAL
1B- coordinación	18.926,64 €	4.943,16 €	7.827,84 €	493,44 €	32.191,08 €
1B- técnica de inserción	18.926,64 €	2.543,16 €	6.898,20 €		28.368,00 €
1B- técnica de inserción	18.926,64 €	2.543,16 €	6.898,20 €		28.368,00 €
1B- técnica de inserción	18.926,64 €	2.543,16 €	6.898,20 €		28.368,00 €
1B- técnica de inserción	18.926,64 €	2.543,16 €	6.898,20 €		28.368,00 €
1B- técnica de inserción	18.926,64 €	2.543,16 €	6.898,20 €		28.368,00 €
1B- técnica de inserción	18.926,64 €	2.543,16 €	6.898,20 €		28.368,00 €
1B- técnica de inserción	18.926,64 €	3.143,16 €	7.091,04 €		29.160,84 €
3- auxiliar administrativo	13.341,12 €	3.489,36 €	5.407,92 €		22.238,40 €

1.3 CADRO DE FITOS E OBXECTIVOS

Plan estratéxico	Planificación de Fondos Europeos	Indicador	Fito
MR 2021-2026	Fito 325 CID	Control convenios asinado entre Ministerio e Consellería	T4 2025



ANEXO II

Modelo de declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona....., DNI....., como director da entidade....., con NIF....., e domicilio fiscal enbeneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR que participa como titular no desenvolvemento das actuacións obxecto do programa para a promoción da integración sociolaboral e o apoio no tránsito das persoas mozas en situación de vulnerabilidade a unha vida adulta independente e autónoma en zonas non urbanas, no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no compoñente 22 "Plan de choque para a Economía dos Coidados e Reforzo das políticas de igualdade e inclusión" e investimento I2 "Plan de Modernización dos Servizos Sociais: Transformación tecnolóxica, innovación, formación e reforzo da atención á infancia", declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes apartados do artigo 22, do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

1. A letra d) do apartado 2: «recadar e asegurar, a efectos de auditoría e control e para dispor de datos comparables sobre o uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución de reformas e proxectos de inversión no marco do plan de recuperación e resiliencia o acceso ás categorías harmonizadas de datos seguintes:

- I. O nome do perceptor final dos fondos;
- II. Os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos, segundo se define no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello;
- III. Unha lista de medidas para o desenvolvemento das actuacións obxecto deste convenio no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público de ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».

2. Apartado 3: «Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento Financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme ao marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos fins expresamente relacionados nos artigos citados.

....., de de 202.....

Asdo.

Cargo:



ANEXO III

Modelo declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona, con DNI, como director da entidade....., con NIF....., e domicilio fiscal enna condición de beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR que participa como titular no desenvolvemento das actuacións obxecto do programa para a promoción da integración sociolaboral e o apoio no tránsito das persoas mozas en situación de vulnerabilidade a unha vida adulta independente e autónoma en zonas non urbanas,,no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos no compoñente 22 "Plan de choque para a Economía dos Coidados e Reforzo das políticas de igualdade e inclusión" e investimento I2 "Plan de Modernización dos Servizos Sociais: Transformación tecnolóxica, innovación, formación e reforzo da atención á infancia", manifesta o compromiso da entidade que representa cos estándares máis esixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, comunicando no seu caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «do no significant harm») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito Plan, e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

....., de de 202.....

Asdo.

Cargo:



ANEXO IV

DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLICTO DE INTERESES (DACI)

(Presentar pola entidade conveniente)

ENCAIXE: "C22.I2.P2.S7"

DENOMINACIÓN DO SUBPROXECTO: Modernización, dixitalización e mellora dos servizos de protección, atención e acollemento da infancia

Denominación da actuación: modernización, dixitalización e mellora dos servizos de protección, atención e acollemento da infancia para a promoción da integración sociolaboral e o apoio no tránsito das persoas mozas en situación de vulnerabilidade a unha vida adulta independente e autónoma en zonas non urbanas.

FONDOS EUROPEOS: Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – NEXTGENERATIONEU

Convenio: convenio de colaboración nos meses de xaneiro a abril de 2024, entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Instituto Galego de Xestión para o terceiro sector para o desenvolvemento das actuacións obxecto do programa para a promoción da integración sociolaboral e o apoio no tránsito das persoas mozas en situación de vulnerabilidade a unha vida adulta independente e autónoma en zonas non urbanas.

Don/Dona....., DNI....., como director da entidade....., con NIF....., e domicilio fiscal en

parte asinante do dito convenio, ao obxecto de garantir a imparcialidade no convenio arriba referenciado, o/os abaixo asinante/s declara/declaran:

Primeiro. Estar informado/s do seguinte:

1. Que o artigo 61.3 «Conflicto de intereses», do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo (Regulamento financeiro da UE) establece que «existirá conflito de intereses cando o exercicio imparcial e obxectivo das funcións véxase comprometido por razóns familiares, afectivas, de afinidade política ou nacional, de interese económico ou por calquera motivo directo ou indirecto de interese persoal».
2. Que o artigo 64 «Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses» da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, define o conflito de interese como «calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación, que ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no resultado do mesmo, teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidese parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación».
3. Que o apartado 3 da Disposición Adicional centésima décima segunda da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para 2023, establece que «A análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese resulta de aplicación aos empregados públicos e



resto de persoal ao servizo de entidades decisoras, executoras e instrumentais que participen, de forma individual ou mediante a súa pertenza a órganos colexiados, nos procedementos descritos de adxudicación de contratos ou de concesión de subvencións».

4. Que o apartado 4 da citada disposición adicional centésima décima segunda establece que:

– «A través da ferramenta informática analizaranse as posibles relacións familiares ou vinculacións societarias, directas ou indirectas, nas que se poida dar un interese persoal ou económico susceptible de provocar un conflito de interese, entre as persoas ás que se refire o apartado anterior e os participantes en cada procedemento».

– «Para a identificación das relacións ou vinculacións a ferramenta conterá, entre outros, os datos de titularidade real das persoas xurídicas ás que se refire o artigo 22.2.d).iii) do Regulamento (UE) 241/2021, de 12 febreiro, obrantes nas bases de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria e os obtidos a través dos convenios subscritos cos Colexios de Notarios e Rexistradores».

Segundo. Que, no momento da firma desta declaración e á luz da información obrante no seu poder, non se atopa/n incurso/s en ningunha situación que poida cualificarse de conflito de interese, nos termos previstos no apartado catro da disposición adicional centésima décima segunda, que poida afectar o procedemento de concesión de subvencións.

Terceiro. Que se compromete/n a poñer en coñecemento da comisión mixta de seguimento, sen dilación, calquera situación de conflito de interese que puidese coñecer e producirse en calquera momento do procedemento en curso.

Cuarto. Que coñece que unha declaración de ausencia de conflito de interese que se demostre que sexa falsa, carrexará as consecuencias disciplinarias/administrativas/xudiciais que estableza a normativa de aplicación.

(Data e firma, nome completo e DNI)

....., de de 202.....

Asdo.

Cargo: